



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO
CELEBRADA EN VIGO, NA CASA DO DEPORTE, SEDE DAS FEDERACIÓNIS DEPORTIVAS, O DÍA 12
DE MAIO DE 2018.

ASISTENTES

PRESIDENTE DA F.G.M.
Adolfo Puch Domínguez

ESTAMENTO DE DEPORTISTAS

José Luis Faro Fortes
Fernando Fernández Rey
Pedro Outón Nieto
Adolfo Puch Domínguez
Raul Leirós Gutierrez
Antonio Alemparte Gonzalvo
Angel Gómez Gómez
Jesus Alonso Expósito

ESTAMENTO DE TÉCNICOS

ESTAMENTO DE ÁRBITROS
Xosé Lois Freixeiro López
Manuel Domínguez Iglesias

ESTAMENTO DE ENTIDADES DEPORTIVAS

Agrupación Montañeiros Independientes
Club Montaña Ferrol
Club Montañeiros Celtas
Club Peña Trevinca Montañeiros de Galicia
Club Montaña Xistra
Club de Montaña Azimut
Club Alpino Ourensán

Félix Criado Alonso (Presidente)
Xan Antón Ramírez Gómez (Presidente)
Lourdes Castiñeiras Souto (Presidente)
Carlos Garrido Costas (Presidente)
X. Henrique Freixeiro Cameselle (Presidente)
Luis Arocas Fernández (Presidente)
Alfonso González López

XUNTA DIRECTIVA E PERSONAL TÉCNICO

Evaristo Fandiño Pérez
Manuel Domínguez Iglesias
José Manuel Pérez Prego

Tesoureiro
Secretario Xeral e Coordinador Árbitros CxM
Director Técnico da F.G.M.

NON ASISTEN

REPRESENTANTES DE:

Asociación de Escaladores Ourensans, Asociación Deportiva CAR Redondela, Club Montaña Bestarruza, Club de Montaña O Caxado, Club Xtrail Vigo, Club de Montaña O Veral, Club de Montaña Xesteiras, Club Running Sport Trail, S.Montaña Club Fluvial de Lugo, Sociedad de Montaña Artabros, Club Deportivo Fontiñas, Club Montañeiros de Pontevedra, Club de Montaña Ribeira Sacra.

TÉCNICOS:

José Juan Domínguez López, Katya Sanz Ochoa



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luís Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



• Apertura da Asemblea.

As 10.30h comeza a reunión dando o Presidente D. Adolfo Puch Domínguez a benvida ós asistentes.

• Lectura e aprobación se procede do Acta anterior.

Procedese a lectura do acta da asemblea do 2 de Decembro de 2017. Faise constar a solicitude presentada por escrito do Sr. Luis Arocás en calidade de presidente do Club de Montaña e Escalada Azimut, na que se solicita a inclusión da Xuntanza de Escaladores no calendario de Actividades 2017, 2018 e anos vindeiros coa correspondente comunicación a Secretaría Xeral para o Deporte desta corrección, segundo o acordado na Asemblea Xeral Extraordinaria do 28 de Novembro do 2015. Esta corrección afecta tamén ao Baremo e ao Censo Electoral que serán debidamente revisados.

O acta anterior queda aprobada por **15 votos a favor, 0 en contra e 1 abstención**.

• Memoria de Actividades ano 2017.

O Sr. Puch comenta as actividades realizadas e a participación nas mesmas con algunas correccións segundo a información enviada aos asembleístas. Enviarase a información rectificada no menor prazo posible.

O Sr. Outón destaca que existe un número bastante elevado de andainas organizadas por entidades non federadas, e que estas aumentaron en maior medida que as organizadas por clubs federados.

O Sr. Fernández Rey suxire que deberá haber un cartel onde figuraran todas as actividades de escalada xuntas.

O Sr. Puch contesta que é complicado emitir un cartel con todas estas actividades xa que é moi difícil cadrar con antelación suficiente as datas deste tipo de actividades cos organizadores.

O Sr. Fernando Rey suxire que se deberá facer unha previsión das actividades de escalada con tempo suficiente para que os clubs poidan cadrar as súas actividades tendo en conta as actividades federativas.

O Sr. Freixeiro Cameselle comenta que no ano 2017 se celebrou un Open de Marchas de 25Km.

A memoria de actividades queda aprobada por **14 votos a favor, 1 en contra e 1 abstención**.

• Peche das contas 2017.

O Sr. Fandiño comenta o resultado positivo das contas.

O Sr. Freixeiro Cameselle solicita que se lle informe donde se recolle a partida da débeda xerada polo campionato de escalada de Street Stunts e comenta dende o seu punto de vista a situación da tesoureira. Ao mesmo tempo solicita que se reclame o importe da débeda da Xunta Xeral Deportiva ou se proceda a súa provisión na contabilidade.

Por non ter acceso a información detallada o Sr. Fandiño faralle chegar unha aclaración da información solicitada ao Sr. Freixeiro Cameselle.

O Sr. Criado (Fora da orde do día) expón a queixa de que non se lle ingresan nun prazo razonable os gastos que lle xeneran as actividades que o seu club organiza, a asistencia as asembleas etc.

O Sr. Fernández Rey comenta a posibilidade de que as contas volvan a perdas nun futuro próximo debido a que posiblemente se manténan os gastos e baixen determinadas partidas de ingresos como poden ser as homologacións de sendeiros.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



O Sr. Fandiño aclara diversos conceptos sobre as contas en base as consultas realizadas polos Sres. Henrique Freixeiro e Freixeiro López.

As contas 2017 quedan aprobadas por **13 votos a favor, 1 en contra e 2 abstencíons.**

- **Resumen deportivo e de Xestión 2017.**

O Sr. Adolfo Puch fai un resumo da xestión da Actividade deportiva do ano 2017, destacando as actividades de ámbito nacional, sendo algunha destas a primeira vez que se realizaban. Ao mesmo tempo comenta a diversidade de actividades realizadas nos diferentes campos, formación, divulgación, clásicas e competición.

O Sr. Garrido solicita que se comunique aos clubs a lista dos seus socios inscritos nas actividades a través da plataforma de inscrición Web.

- **Orzamento 2018.**

O Sr. Adolfo Puch comenta os diferentes axustes realizados respecto ao compromiso adquirido na asemblea de Decembro de 2017 na que o presente orzamento foi aprobado.

O Sr. Garrido suxire que debido a previsión do incremento de licencias e aos bons resultados obtidos, este beneficio sexa reflectido na subvención repartida entre os clubs a través do Baremo.

O Sr. Ramírez apunta que non hai que precipitarse en facer reparto dos beneficios antes de que aprecie unha continuidade nos mesmos xa que poden ser o resultado dunha situación temporal favorable en determinadas contas de ingresos.

O Sr. Fernández Rey comenta que hai partidas orzamentarias que habitualmente se desvían das cifras propostas e solicita que se fagan os axustes necesarios para que se aproximen a realidade, xa que hai determinadas partidas que se sabe anticipadamente que se van a desviar sensiblemente.

O Sr. Garrido insiste en que se debe incrementar a distribución dos ingresos entre os clubs debido ao gran aporte de licencias e ao esforzo que realizan para conseguilo, estimando que a distribución debera ser un 10 ou 15% dos ingresos obtidos por licencias.

O Sr. Puch enviará un novo orzamento axustado con un incremento de 4.000€ distribuidos entre Deporte Feminino, Marcha Nómada, Equipo de Escalada, Xuntanza e Copa.

O orzamento 2018 queda aprobado por **11 votos a favor, 2 en contra e 5 abstencíons.**

- **Aprobación novo Baremo federativo.**

O Sr. Domínguez Iglesias expón o resultado da reunión da comisión nomeada para a modificación do baremo federativo na que foi aprobado polos asistentes deixando a decisión da esemblea se puntuán todas as actividades ou somente as organizadas por clubs federados, asunto que se leva a votación e quedando da seguinte forma.

Todas Puntuán: 8 Votos

As organizadas por clubs federados: 10 Votos

Abstencíons: 0 Votos

Procédese a votar a proposta de eliminación do premio ao mellor club quedando quedan aprobada por **13 votos a favor, 1 en contra e 2 abstencíons**



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



NOVO BAREMO FEDERATIVO

a) Por número de licencias. (33%)

- | | | |
|------|--------------------|--------|
| i. | Adulto Masculino | 1pto. |
| ii. | Adulto Feminino | 2ptos. |
| iii. | Infantil e xuvenil | 3ptos. |

- Percibindo só algunha cantidade, aqueles Clubs que superen a media de licencias rexistradas por Club.
- Ningún Club poderá perecer mais do 20% sobre o total da cuantía destinada a este apartado.

b) Por organización de actividades federativas. (33%)

- | | | |
|-----|----------------------------------|--------|
| i. | Actividades de índole Autonómico | 1pto. |
| ii. | Actividades de índole estatal | 3ptos. |

- Establecendo unha cuantía minima razonable a perceber.
- Ningún Club podrá perecer mais do 20% sobre o total da cuantía destinada a este apartado.

c) Por participación en actividades federativas ou cursos EGAM-FEDME. 33%)*

*Sempre e cando sexan organizadas por Clubs Federados

Non competitivas. (Puntos por participante)

- | | | |
|------|-------------------------------------|--------|
| i. | Actividades de índole Autonómico | 1pto. |
| ii. | Actividades de índole estatal | 2ptos. |
| iii. | Actividades de índole Internacional | 3ptos. |
| iv. | Cursos EGAM | 2ptos. |

Competitivas. (Puntos por participante)

- | | | |
|------|-------------------------------------|--------|
| i. | Actividades de índole Autonómico | 2ptos. |
| ii. | Actividades de índole estatal | 3ptos. |
| iii. | Actividades de índole Internacional | 4ptos. |

- Establecendo unha cuantía mínima razonable a perceber.
- Ningún Club podrá perecer mais do 20% sobre o total da cuantía destinada a este apartado.

Queda eliminado deste baremo o premio en metálico ao mellor Club



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



• Calendario de actividades 2019

O Sr. Adolfo Puch procede a asignación das actividades para 2019 a aqueles clubs que se propoñen para organizalas, quedando da seguinte forma:

Datas aprobadas para o Calendario actividades 2019

17 de Febreiro - Percorrido de Esquí de Montaña e Raquetas – C.M.Celtas (**A data dependerá do estado da neve. Propónese preinscrición para esta actividade**)

7 de Abril – Dia do Sendeirista de Galicia – AVIVA – C.P.Trevinca

9 e 10 de Xuño – Marcha con Vivac – AVIVA – C.P.Trevinca (**Pendente**)

2 de Xullo – Descenso Galego de Barrancos – (**Sen Proposta**)

8 de Setembro – Marcha de Montañeiros veteranos – C.M.Celtas

21 e 22 de Setembro – Campamento e Marcha Infantil Xuvenil – AMI

Data sen determinar – Copa Escalada Base – AMI, C.M.Celtas, C.P.Trevinca, ASESOU

• Nomeamento do mellor club galego do ano 2017

O presidente proclama segundo o baremo que o premio ao mellor club é para o Clube de Montaña Xistra.

• Propostas dos asembleistas

O Sr. Luis Arocás en calidade de presidente do Club de Montaña e Escalada Azimut retira a solicitude de modificación de datas no regulamento por considerar que xa está resolta.

• Rogos e preguntas.

O Sr. Pérez Araujo comenta aos representantes dos clubs que o material deportivo que están a prestar aos seus socios, en moitas ocasións, non presenta as condicións de mantemento adecuadas, coas responsabilidades que isto pode levar.

O Sr. Ramírez quere agradecer ao Sr. Alberto Canle a sua iniciativa na organización do curso de técnico de sendeiros.

Agradece aos técnicos federativos da EGAM a aportación económica para a mellora do material para os cursos, áinda que pensa que debe ser a Federación a que faga estas inversiós.

O Sr. Freixeiro López apunta que o regulamento EGAM debe pasar pola asemblea para que sexa aprobado por esta.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



O Sr. Puch comenta que se fará a consulta oportuna a asesoría xurídica para verificar este comentario por se fora preciso facer a aprobación na asemblea.

A Sra. Castiñeiras súxire que para facilitar a organización das actividades se entregue ao club o 50% do pago, deixando o resto para o momento da presentación da memoria. Solicita se informe da situación do marco de colaboración con Escalada Sostenible.

O presidente da por concluida a Asemblea ordinaria as 14:30h

Adolfo Puch Domínguez
Presidente



Manuel Domínguez Iglesias
Secretario Xeral